



A dimensión educativa das Irmandades da Fala. Algunhas propostas e realización

The Irmandades da Fala and education: proposals and actions

Narciso DE GABRIEL
Universidade da Coruña

RESUMO: As Irmandades da Fala estaban persuadidas de que o seu proxecto político e cultural requiría unha educación que transmitise coñecementos e valores orientados á galeguización da sociedade. Esta educación debía canalizarse a través de diversos medios, como a prensa, as conferencias ou a literatura, e tamén a través da escola.

PALABRAS CHAVE: Irmandades da Fala; A Nosa Terra; Lingua. Educación; Escolas do Ensino Galego.

ABSTRACT: The Irmandades da Fala (Language Brotherhoods) believed in the transmission of Galicianist knowledge and values through education, and that this education could and should be achieved through newspapers, literature, talks and schools.

KEYWORDS: Irmandades da Fala (Language Brotherhoods); *A Nosa Terra*; language; education; Escolas de Ensino Galego (Galician Education Schools).

Con independencia da súa dimensión política, e da intervención que tiveron neste ámbito, onde abundaron os desacordos entre os seus integrantes, as Irmandades da Fala estaban animadas por un proxecto basicamente educativo. Máis aínda, segundo podemos ler n'*A Nosa Terra*, as Irmandades “son escolas vivas de nazionalismo” (15-X-1918, p. 7) e o seu boletín é a “única gran escola de patriotismo e de cidadanía qu’emerxeu n’ista terra” (15-XI-1918, p. 2).

O texto que presentamos e os documentos que o acompañan pretenden dar conta desa vocación educativa,¹ e asemade render unha modesta homenaxe aos homes e ás mulleres que integraron o movemento irmandiño e puxeron en valor

¹ Contamos con diversos traballos sobre o pensamento pedagóxico e a actuación educativa dos irmandiños, incrementada a raíz da celebración do primeiro centenario das Irmandades. Unha das persoas que máis se ten ocupado desta cuestión é Antón Costa Rico, que publicou, co gallo do centenario, “O ensino no tempo das Irmandades e a ‘escola galega’ como proxecto”, en *Arredor*

a cultura de Galicia, comezando pola Fala, onde aniñaba, ao seu entender, a alma da nación. Os escritos reproducidos —respectamos, practicamente na súa integridade, a grafía orixinal— corresponden a Antón Villar Ponte (doc. 1), a L. de Sergude (2), a Johán Vicente Viqueira (3), ás “Bases das Escolas do Ensino Galego” (4), a Anxel Casal (5), a Federico Zamora (6) e a Jenaro Marínhas del Valle (7).² Todos eles, agás o último, foron publicados no voceiro das Irmandades, *A Nosa Terra* —no sucesivo, *ANT*, por máis que cando non se especifique outra procedencia deberá entenderse que as citas proceden desta revista—, e ofrécense por orde cronolóxica.

As Irmandades xurdiron na Coruña en 1916, e nelas desempeñaron un papel especialmente importante os irmáns Villar Ponte, Antón e Ramón. Ao se cumpriren os dous anos da súa fundación, o primeiro escribirá: “O iniciador d’elas foi Ramón Vilar Ponte, irmán meu. A iniciativa súa recollina eu e leveina a un folleto, que patrocinaron, pirmeiro que ninguén, Aurelio Ribalta, galleguista de sempre, Manoel Lugrís, verbo do enxebriemento, e Lois Porteiro, rapaz representativo da nova intelectualidade da terra.” A esa altura, Antón xa era plenamente consciente da relevancia histórica que tal acontecemento estaba chamado a ter: “As «Irmandades da Fala», é o máis grande e outo que se fixo na nosa terra. A historia diraió eisí.” (30-V-1918, p. 1) E non se trabucaba, como confirmará Justo Beramendi un século despois.

Sen o impulso inicial das Irmandades, sen a ideoloxía e o sentimento nacionalista que se xeraron no seu seo, non serían concebibles nin o vizoso corpo teórico-ensaístico da chamada xeración Nós, nin o florecemento cultural e literario dos anos vinte e trinta, nin o Seminario de Estudos Galegos, nin o Partido Galeguista da II República nin o primeiro proceso autonómico tal e como foi.³

Á agrupación coruñesa sumáronse outras: Santiago de Compostela, Monforte de Lemos, Ourense, Pontevedra, Vilalba e Madrid foron as primeiras. Desde 1916 a 1924 o número total de afiliados oscilou, en números redondos, entre 500 e 700, destacando o peso da cidade da Coruña, que nalgúns momentos sumaba tantos efectivos coma o resto das localidades.⁴ Aínda que inicialmente convivía nas súas

das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931), ed. Luís Cochón (Vigo: Xerais, 2016), 131-143.

² Unha escolma dos textos pedagóxicos elaborados polo galleguismo, entre eles algúns dos aquí publicados, pode lerse en Sabela Rivas Barrós, *O ideario pedagóxico do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas* (Sada: Edicións do Castro, 2002).

³ Justo Beramendi, “As Irmandades da Fala e o nacemento do nacionalismo galego”, en *As Irmandades da Fala (1916-1931). Reivindicación identitaria e activismo socio-político-cultural no primeiro terzo do século XX*, coord. Uxío Breogán Diéguez Cequiel (Santiago de Compostela: Laivento, 2016), 61-81.

⁴ Justo Beramendi, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Vigo: Xerais, 2007), 690-698.

ringleiras a afirmación rexionalista coa nacionalista, desde a Asemblea de Lugo (1918) optouse definitivamente por definir Galicia como unha nación.

No número un d'*A Nosa Terra*, “Boletín decenal. Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal”, segundo se pode ler na súa cabeceira, datado o 14 de novembro de 1916, Antón Villar Ponte, que exerceu na práctica como o seu primeiro director,⁵ escribiu un artigo titulado “A bandeira ergueita” (doc. 1). As súas verbas iniciais están destinadas a demandar axuda económica para soste o boletín, e semellan interpelar especialmente os nosos emigrantes. Se as escolas por eles creadas estaban destinadas aos nenos, o boletín tiña como principal destinatario a xuventude, cuxo sentimento, pensamento e acción cumpría promover. Un boletín que faría da lingua a súa principal bandeira, pois é a que nos confire a nosa singular personalidade. Galicia precisaba, antes de máis nada, unha “gran política da lingua”.

Unha lingua que estaba excluída do sistema educativo, como se denunciará reiteradamente nas páxinas desta publicación. L. de Sergude, pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos, farao moi axiña, concretamente no número cinco (doc. 2). Os nenos entraban na escola falando un galego enxebre e saían dela falando un galego adulterado, e ademais desprezándoo, debido a que os escolantes, “xeneralmente” estranxeiros —en 1912 a porcentaxe de maxisterio que non era orixinario de Galicia cifrábase no 18,7%, valor moi próximo ao de Cataluña e moi inferior ao do País Vasco, que ascendía ao 61,8%—⁶, prohibían o seu uso e promovían o seu desprestixio. Había que procurar que cando menos os mestres do país tivesen outra actitude, como tamén os que estaban á fronte das escolas sostidas polos emigrantes. Non se pretendía obviar o castelán, cuxa aprendizaxe era necesaria para todos, entre outras razóns atendendo precisamente á perspectiva migratoria que se albiscaba no horizonte de moitos galegos e gallegas, mais tamén debían cultivarse o idioma e a cultura propios, para espertar así a personalidade da raza —léase país, patria, nacionalidade ou nación.⁷

Espertar era a palabra máxica. A nación existía, mais estaba adurmiñada. Había que conmovela, e a escola era a institución chamada a facer “*germolar* todo canto hay de bo na nosa raza”, segundo afirmará Johán Vicente Viqueira (doc. 3). Unha escola que debía ser reformada en profundidade, como tamén debía mellorarse a

⁵ Emilio Xosé Ínsua, *A Nosa Terra é Nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)* (A Coruña: Baía Edicións, 2016), 117.

⁶ Paulí Dávila, “Nacionalismos y políticas educativas durante el siglo XX: de la centralización a la descentralización”, en *Las políticas educativas en el País Vasco durante el siglo XX*, coord. Paulí Dávila (Madrid: Biblioteca Nueva, 2004), 43.

⁷ No seguinte número, Victoriano Taibo reitera as denuncias e reivindicacións expresadas por Carré (“A Fala no ensino”, 5-I-1917, pp. 1-2), e nun solto sen sinatura (“Para as sociedades d'istruzione d'América”, p. 5) pídesse aos emigrantes que nas escolas por eles sostidas se estude o idioma galego e unha cartilla de cidadanía.

formación, consideración e remuneración do seu profesorado. Unha escola á que a nosa lingua lle infundiría o espírito galego.⁸

Estes e outros textos poñen de manifesto a importancia que as Irmandades atribuían ao sistema educativo. Ora ben, os irmandiños eran moi conscientes de que nin o Estado favorecería a realización do seu proxecto pedagóxico, nin os emigrantes apostarían, nos máis dos casos, por imprimiren ás escolas por eles creadas unha orientación galeguizadora. Así que, desde os inicios mesmo do movemento, un dos seus propósitos foi o de promover iniciativas educativas de carácter escolar que respondesen ás súas aspiracións. E se as súas realizacións foron máis ben modestas, non foi por falta de vontade, senón de recursos.

No número tres d'*ANT* (5-XII-16, p. 3), e baixo o título “Escola do idioma galego”, podemos ler: “As leicións que hasta hoxe viñeron dándose na escola que na Academia Gallega soteñen os «Amigos da fala», non tiñan necesidade de seren publicadas porque aquelas referíanse ás primeiras partes da oración —artículo, nome, adxetivo e pronome— que pol-a súa sinxeleza son retidas facilmente na memoria.” Agora, ao chegar aos verbos, convén “darnos a conocer o noso humilde labor pra que poida sere gardado pol-os discípulos da nosa escola e servire de goberno, si é que serve, aos non escolantes”. Ao ano seguinte especificábase que as clases eran impartidas os martes e os sábados por Manoel Lugrís e Florencio Vaamonde, e que se prolongaran durante catro meses (20-V-1917, p. 2) Así pois, e en sintonía co seu ideario, as Irmandades daban prioridade ao ensino do idioma, que había que falar e escribir, aínda que fose mal, como afirmaba Luís Porteiro Garea, mais que conviña ir perfeccionando e dotando dunha certa normativa.⁹

En datas próximas ás anteriores, alúdese á posibilidade de crear algo así como un Instituto de Estudos Galegos onde se impartirían “conferencias e leicións diarias en harmonía co-un plan sistemático, para que tal labor sexa máis eficaz” (10-VI-17, p. 2), pódose novamente de manifesto o afán de imprimir forma escolar, até onde as circunstancias o permitían, ao labor de difusión e concienciación que animaba proxecto. Co gallo da exposición da obra de Castelao na cidade da Coruña, por exemplo, non se organizaron actos illados, senón un “Cursillo de conferencias nazionalistas” (20-III-1920, p. 1).

No regulamento dos irmandiños coruñeses —redactado en castelán para solicitar a aprobación das autoridades—, que dedicaba una sección específica a

⁸ Sobre a figura de Johán Vicente Viqueira existen varias investigacións no ámbito histórico-educativo, entre as que citaremos algunha das realizadas polos compañeiros Antón Costa Rico, *A reforma da educación (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a historia da Psicopedagxía en Galicia (Sada: Edición do Castro, 1996), e Ángel S. Porto Ucha, *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia* (Sada: Edición do Castro, 2005). Quen isto escribe fixo unha breve presentación (“A Nosa Galiza”) para Xohán Vicente Viqueira, *Ensaio sobre Galicia* (Vigo: Galaxia, 2021), 7-20.

⁹ Na Irmandade de Ourense era Vicente Rico o encargado de dar clase de idioma galego ás mocidades nacionalistas (*ANT*, 1-II-1921, p. 4).

Cultura e Idioma, reflíctese a importancia que merecían as cuestións que dalgunha forma tiñan un carácter escolar, ás que se refiren catro dos nove obxectivos sinalados: crear unha cátedra de galego, para o que se solicitaría a colaboración dos intelectuais do país; impartir conferencias en galego, “ya por cursos, ya singulares”, e tanto dentro como fóra da Irmandade; “trabajar por el progreso de la enseñanza en nuestra tierra, formando un plan pedagógico para la educación galleguista de Galicia”, e establecer relacións coas sociedades de instrución creadas en América polos nosos emigrantes “para orientarlas armonicamente en un sentido más galleguista.”¹⁰

O nacionalismo galego aspiraba a que nun futuro próximo Galicia asumise as competencias en materia educativa, e así o afirmará de forma inequívoca na Asemblea de 1918: “A potestade docente do Estado actual pasará enteira ó Poder Galego.” (5-12-1918, p. 1) En asembleas sucesivas insistírase na mesma liña, e na de Vigo encomendárase a Vicente Risco a elaboración dun “amplio e completo plan pedagógico das ‘Irmandades’” (20-IV-1921, p. 2), que será publicado na revista *Nós*.¹¹

Nun solto sen asinar, publicado o 30 de setembro de 1918 (p. 3), contrástase a importancia da intervención política e da cultural. A primeira non se podía esquecer, mais tiña un carácter “secundario”.

A labor máis fonda, máis frutífera das “Irmandades” é a que se encamiña polos eidos da cultura. Crear unha generación de mozos nazionalistas, “todos gallegos”, é o esencial.

Así as “Irmandades” —e nelas pensan ja algunhas— deben fundar escolas onde se faga o ensino primario en galego: onde a alma dos nenos reciba leccións de gramática castelán no noso idioma, leccións de xeografía gallega, leccións de Historia gallega, de lectura gallega.

Polo menos todas as “Irmandades” terían que soste unha escola que fose como modelo capaz de imporse logo nas particulares e nas do Estado.

Galleguizada unha generación, o cimento da nova Galicia ficaría feito. Isto, e un laboratorio de Estudos Gallegos, gallegos en todo, son o de maior interese para nós.

Os ricos que dicen querer a Galicia, aquí teñen o meio de probar canto é o seu cariño.

O texto coído que é relevante para o asunto que nos ocupa, e podería ser da autoría de Johán Vicente Viqueira —os ja, meio ou razón abundaban na súa escrita—, que por esas datas se prodigaba nas páxinas d’*A Nosa Terra* —será elixido primeiro conselleiro da Irmandade coruñesa en 1921 e 1922—, malia carecermos de argumentos sólidos para sustentar tal atribución. En todo caso, o seu

¹⁰ Xosé M^a Dobarro Paz e Ernesto Vázquez Souza, *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* (Sada: Edicións do Castro, 2003), 443.

¹¹ Entre os estudosos do pensamento pedagógico de Vicente Risco destaca Xosé Fernández Fernández, autor de *Vicente Risco. Mestre de mestres* (Ourense: Deputación provincial de Ourense e Fundación Vicente Risco, 2014). Nas páxinas desta mesma revista publicou “Planos e informe de Vicente Risco para a galeguización e renovación da escola”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 13 (2009): 167-199.

responsábel defendía que cada Irmandade debía crear unha escola inspirada nos ideais do galeguismo, chamada a servir de modelo tanto para o resto das escolas particulares como para as sostidas con fondos públicos, e advertía que algunha xa matinaba en como converter este propósito en realidade. A maiores, todas xuntas deberían promover un laboratorio ou instituto de Estudos Galegos.

Transcorridos menos de catro anos, algo se conseguira facer neste sentido, segundo fai constar Francisco Manuel Balboa cando exercía como conselleiro primeiro da Irmandade coruñesa (“Progresamos”, 1-III-22, pp. 4-5). Logo de reclamar para a capital herculina a condición de *alma mater* das Irmandades, e de felicitar-se pola instalación dunha sala de teatro na súa sede, actividade fundamental para o proxecto galeguista, engade: “Por primeira vez, dende a fundación das Irmandades, imos establecer escolas nocturnas; esto é de unha importancia que non é preciso loubar, pois ela en por si sola di d’abondo.” Ademais das materias propias do ensino primario, “establecemos tamén os estudos superiores e os idiomas de maior uso no mundo comercial. Tódol-os sábados darase unha conferencia escolar, excursións ao campo, etc.” E no suposto “de seguir este camiño os Consellos directivos que se sucedan do actual, sostendo estas escolas no noso local, temos a fonda satisfacción de que moitos dos alumnos que reciban n-elas o pan da intelixencia, bendecirán decote a esta Irmandade.”

No informe de Balboa tamén se fai constar que se enviaría unha circular a todos os asociados informando que se abría a matrícula para inscribirse nas escolas de primeiro ensino, destinadas tanto a nenos como a adultos, e tamén para instruírse noutras materias: Gramática, Literatura galega, Contabilidade comercial e cálculos mercantís, Francés, Inglés, Caligrafía, Navegación práctica, Historia, Xeografía xeral e particular de Galicia, etcétera, proxecto que certamente non carecía de ambición. As clases comezarían o 1 de marzo.

O relatorio de actividades anuais correspondente ao sexto aniversario do movemento (31-V-1922, p. 4) permítenos saber que “durante este inverno viñéronse dando crases gratuítas de varios ensiños, que serán ampliadas para o inverno que vén”. Non se especifica de que clases se trababa, mais é case seguro que non cubriron o abano contemplado no proxecto inicial, como se pon de manifesto na ampliación que se proxectaba para a seguinte tempada.

As experiencias sinaladas constitúen, polo que sabemos, os principais antecedentes das Escolas do Ensino Galego, que iniciaron a súa andaina en 1924, e das que reproducimos tres documentos: as bases que as inspiraron, un texto de Ánxel Casal, que foi quen propuxo a súa creación, aprobada por unanimidade, nunha xuntanza da Irmandade coruñesa que tivo lugar o 8 de xullo de 1923,¹² e outro de Federico Zamora, primeiro conselleiro da Irmandade.

¹² Para unha visión máis completa desta experiencia escolar, remito a Sabela Rivas Barrós, *A derradeira lección dos mestres* (Vigo: Xerais, 2001), 201-209; Ernesto Vázquez Souza, “Uma velha gales-

As “Bases das Escolas do Ensiño Galego” (doc. 4) foron elaboradas, no fundamental, por Ánxel Casal, en quen influíron con forza as ideas pedagóxicas sustentadas por Johán Vicente Viqueira, circunstancias ambas das que da fe Jenaro Mariñas del Valle (doc. 7), alumno destas escolas. Publicáronse na primeira páxina do boletín o 15 de agosto de 1923, polo que no presente ano celebramos o seu centenario.

Sorprende que na primeira delas se advirta que o ensino “farase no idioma hespañol”, o que sen dúbida obedecía ao temor de que as autoridades frustrasen o proxecto. O galego utilizaríase para o estudo da literatura popular e outras cuestións propias de Galicia, e para que “os nenos poidan comprender mellor as ensinanzas d’os mestres”. Este último argumento, de carácter didáctico, e xa que logo relativamente neutro en termos ideolóxicos, foi o primeiro que se utilizou por parte do diferencialismo galego para reivindicar a presenza do noso idioma na escola, e os irmandiños tamén recorrerán a el, malia predominaren nas súas motivacións os afáns patrióticos sobre os didácticos. Así se pon de manifesto nun texto que non ten carácter “oficial”, titulado “Para os fillos de Galicia”, que aparece n’*A Nosa Terra* enmarcado nun recadro arredor do cal se dispoñen as Bases. O seu lema é: “*Fundar e soster escolas en Galicia é obra santa, patriótica*”, palabras que reproducían literalmente as que abrían o primeiro artigo publicado por ANT, “A bandeira ergueita”, da autoría, como sabemos, de Antón Villar Ponte. O chamamento dicía así:

Galegos: Si este nome que levamos desde que nascemos ten de servirmos d-orgullo, estamos na obriga d-axudar a propagar o desenrolo das **Escolas do Insiño Galego**.

Porque si é obra santa e patriótica o fundar e soster escolas que rediman ao pobo galego da ñorancia en que está sumido, moito máis patriótica e máis santa ten de ser si estas escolas han de servir para inculcar nas xeneracións futuras a verdadeira conciencia galega.

Non ll-abonda a Galicia qu-os seus fillos seipan ler i-escibir.

Galicia percisa qu-os seus fillos lean i-esciban n-a súa Fala para qu-a sintan; qu-estuden n-a súa Xeografía para qu-a coñezan, e coñecéndoa quéiran-a; que lles digan das grorias d-os seus homes para honral-os; que beban nas fontes da súa Tradición, da súa Cultura e da súa Arte para qu-as continúen sin influenzas alleas e que seipan pol-a súa Historia dos aldraxes e das persecucións de que foi vítima.

Esto é o que fai a “Irmandade da Fala ao crear as **Escolas do Insiño Galego**, cuias Bases acompañamos.

Ao mes seguinte de se publicaren as Bases, Miguel Primo de Rivera promoveu un golpe militar e implantou unha ditadura que se prolongará até 1930 — as páxinas d’*A Nosa Terra* testemuñan con contundencia a censura practicada durante este

cola: «As escolas do Ensiño Galego», en *A escola das Irmandades da Fala e outras experiencias pioneiras e inspiradora* (Narom: Semente Trasancos, 2016), 7-58; Ínsua, *A Nosa Terra é Nosa!*, 450-457.

período—. Un dos seus obxectivos foi intensificar o proceso de nacionalización español, particularmente en materia lingüística. Mais nos considerandos dunha Real orde, datada o 21 de decembro de 1929 e publicada na *Gaceta* oito días despois, afirmábase que “no existe ninguna disposición que prohiba en el orden privado la enseñanza de dialectos o lenguas regionales” —convén precisar que tal consideración se facía no contexto dunha disposición que prohibía a continuidade das clases de gramática catalá que se viñan impartindo na Escola Normal de Mestras de Girona, argumentando que nos centros oficiais só podían ensinársese as materias regulamentarias—. E os irmandiños tiraban as consecuencias que lles interesaban do considerando en cuestión, ao tempo que reiteraban a modestia das súas aspiracións galeguizadoras.

Pol-o tanto, nas “Escolas do Insiño Galego” temos perfectísimo dereito a cultivar o noso idioma, que tantos froitos leva dado xa na nosa literatura, e que tantos aínda pode dar.

Pol-o demais, xa é sabido que, nas escolas que axiña se abrirán, farase o insiño no idioma hespañol, pois entendemos que mellor é saber dous idiomas que un só, e que pol-o de hoxe para o estudo é indispensable facelo así, aínda que tamén por ser necesario faranse algunhas espriciacións en galego para que os nenos poidan comprender mellor as cousas. (“Fomentando o Insiño. As Escolas da Irmandade”, *ANT*, 1-II-1924, p. 3)

Ademais das referencias ao idioma, nas Bases establecíase que as escolas adoptarían o modelo graduado e serían gratuítas; financiaríanse coas achegas dos socios protectores, que debían satisfacer unha cota mínima de dúas pesetas mensuais, e das entidades —tanto as radicadas en Galicia coma no exterior— que tivesen a ben participar nesta filantrópica empresa, e estarían abertas unicamente aos nenos galegos ou fillos de galegos, concedéndose preferencia aos socios protectores das escolas e aos da Irmandade.

Anxel Casal escribirá un artigo onde fai un chamamento á colaboración de todos os galegos neste importante proxecto (doc. 5). Nel sostiña que a figura do socio protector destas escolas permitiría que se aproximasen ás Irmandades quen podían discrepar do movemento irmandiño nalgúns aspectos de carácter político, mais non en materia escolar, polo que a súa autoexclusión carecería de toda xustificación. As Escolas do Ensino Galego debían converterse no punto de encontro de todas as persoas que sentían a chamada da Terra, sen máis distincións de credo.

Nas páxinas d’*A Nosa Terra* fíxose durante varios números unha intensa propaganda para conseguir recursos económicos:

é obriga de todo bon patriota contribuír ao sostenimento d-as ESCOLAS D’O INSINO GALEGO. Hoxe mesmo debe escribirmos indicando a cantidade con que se suscribe a tan grande obra. O COMITÉ PRO-ESCOLAS. (15-VIII-1923, p. 1)

COTIZAR para as ESCOLAS D’O ENSINO GALEGO é traballar pola redenzón de Galicia. (1-IX-23, p. 6).

No número do 12 de setembro de 1923 publicouse a primeira listaxe de socios protectores, o que que evidencia o “fondo entusiasmo” que suscitaba o proxecto entre os amantes da patria. Sumaban 28, e as súas achegas oscilaban entre as dúas e as cinco pesetas; tratábase dos membros máis representativos da Irmandade coruñesa, encabezados por Federico Zamora e Ánxel Casal. O 2 de febreiro do seguinte ano, agora xa baixo o estrito control da censura, que inzaba de negróns as páxinas do xornal, infórmase que as xestións para pór en marcha o proxecto ían por bo camiño, tanto que xa se encargara o equipamento preciso para a escola,¹³ e publicase unha nova relación de protectores, que agora eran 16, aínda que de procedencia máis variada (A Estrada, Ourense, Seu d’Urgell, Barcelona e Vigo, ademais da Coruña), destacando a achega de Manuel Portela Valladares, cifrada en 25 pesetas; cerraba a relación Vicente Risco. Neste mesmo número reproducíuse unha extensa conferencia de Federico Zamora (doc. 6), que nesa altura exercía como primeiro conselleiro da Irmandade coruñesa, da que reproducimos o apartado dedicado ás Escolas do Ensino Galego, a cuxo texto preceden as seguintes palabras:

Precisamente nestes momentos tratamos de levar a práctica a máis grande obra que seguramente até o d-agora leva feito a Irmandade; senón se oculta que cecais seña empresa algo soñadora, un tanto atrevida, si queredes, pero señores é d-unha transcendencia tan grande, que si agora quedase a obra en marcha —que coído quedará— poderíamos dicir que puxemol-a primeira pedra da nova cultura galega. (p. 7).

E así foi. O 1 de xullo de 1924, *A Nosa Terra* (p. 1) comunica aos lectores que a Irmandade mudara de domicilio: xa non era no número 17 da Praza de María Pita, senón no 36 da rúa Real onde estaban instaladas as súas oficinas, o seu boletín e as Escolas do Ensino Galego, que levaban uns dous meses funcionando, e ás que asistían máis de vinte rapaciños. Dous anos máis tarde, Manuel Lugrís afirmaba que á escola “concorren máis de sesenta nenos, que van alí ademprender que *xa que teñen unha patria deben de tela*, como dicía o gran patriota Murguía”¹⁴ e Felipe Fernández Armesto viu “algúns centos” de escolinos cando a visitou.

A revoltosa capa carnavalesca apretouse contra o peito e adequiriu prestixio de serea toga ó traspor os cimbriños d’un cuarto branco, e ledicioso, sinxelamente aparelado, onde algúns centos de rapaces estudaban e traballaban, en todol-os ordes intelectuais, en galego e pra Galiza: eramos hóspedes emocionados —tal vez como nunca o estiveramos— da “Escola das Irmandades da Fala”. Xa non soubemos discernir, soio sentimos o quentor do entusiasmo, i-a apretura do abrazo do escolante. Logo quixemos falar —e comenzamos— irmanciños! As olladas de todol-os nenos, fortes de inquedañas e d’arelas, cairon sober nós con animazón cariñenta. Non sabemos o que dixemos. Sentimos coma o desvanecemento d’unha sede irresistíbel, e escomenzamos a repartir apertas.

¹³ Algúns días despois infórmase que se adquirira o mobiliario, libros e outros materiais, e convidase aos socios protectores a visitar o local da Irmandade para comprobalo (“Fomentando a cultura. As Escolas do Ensino Galego”, 1-IV-1924, p. 4).

¹⁴ Citado por Dobarro Paz e Vázquez Souza, *Ánxel Casal*, 50.

¡Que pouco poidemos deixar!: unhas cantas lamberetadas e unhos probes pesos de que a Tuna facía graza ás “Escolas da Irmandade”. En troques iles déronnos o froito, alí madoiro [sic], da súa fe, i-os gallos frescos da súa ilusión, e obrigáronnos ó corazón a brincar d’outimismo.¹⁵

Máis que de escolas, habería que falar de escola, pois só se creou unha de nenos, a cargo de Casal. Estaba previsto pór en funcionamento a de nenas, da que se encargaría Elvira Bao, mais finalmente, e polas razóns que fosen, a idea non prosperou. Elvira era mestra, e traballará como tal durante varios anos nas colonias escolares do Sanatorio coruñés de Oza —será das primeiras destituídas polos sublevados en agosto de 1936, á que acompañarán María Vázquez Suárez e Mercedes Romero Abella, ambas as dúas asasinadas—. Ánxel, pola contra, non fixera estudos de maxisterio —o seu irmán Manuel confesaralle a Dobarro Paz e Vázquez Souza: “Que eu saiba foi á escola como todos os rapaces do seu tempo, e non recordo que tivese ningún título oficial de estudos”—, mais, polo que sabemos, exercía con mestría o oficio de escolante. Si os fixera Manuel Luís Acuña, que colaborou con el —era o seu substituto, a dicir de Manuel Casal— durante algún tempo.¹⁶ Descoñecemos a duración desa colaboración, que seguramente se produciu como consecuencia da incorporación de Acuña ao proxecto de creación do diario *El Momento*, editado por Casal en 1930, e cuxos resultados foron ruinosos. De feito, foi este fracaso o que determinou o traslado de Casal a Santiago de Compostela e a conseguinte desaparición da novidosa experiencia escolar iniciada seis anos antes.

Unha das peroas que máis traballou para recuperar a figura do editor e mestre, Ernesto Vázquez Souza, caracteriza así o seu perfil pedagóxico:

Sob o magistério saudoso de Porteiro, seguindo as máximas pedagóxicas do grande Viqueira e aproveitando os exemplos generosos dos seus mestres Florencio Vaamonde Lores, Francisco Tettamancy, Uxio Carré Aldao e Manuel Lugris, Casal praticará un modelo escolar de avanzada perfectamente coerente com o mais adiantado do seu tempo. A contrario do modelo escolar imperante, a escola galeguista não impulsará uma educação baseada na memorização nem doutrinadora, pelo contrario, continua a linha republicana, liberal e laica que conforma o pensamento clássico do galeguismo “industrial” da Crunha e a dos grupos ambientais em que se move.¹⁷

Esta experiencia escolar perdurará na memoria dos irmandiños, que soñarán coa súa reactivación. Nos inicios da República, cando se iniciaba un tempo cargado de ilusións, na sección “Novas da Causa” felicitábase a Ramiro Illa Couto pola constitución en Bos Aires dunha entidade “co ouxeto de fundar e soste en Galicia unha escola nacional galega”, e engadíase: “Tamén a Irmandade coruñesa

¹⁵ Artigo publicado por *El Pueblo Gallego* o 20 de marzo de 1926. Cito a partir de Ínsua, *A Nosa Terra é Nosa!*, 456-457.

¹⁶ Dobarro Paz e Vázquez Souza, *Ánxel Casal*, 399 e 401.

¹⁷ Vázquez Souza, “Uma velha galescola”, 43.

disponse a resucitar con amplitude o seu desexo de fundar escolas o mesmo que xa fixo co'a que estivo sostendo varios anos na Cruña.” (1-V-1931, p. 6).

Segundo Sabela Rivas Barrós, serían uns 100 os alumnos que se beneficiaron da escola irmandiña. Ao dicir dos que ela puido entrevistar, e malia o establecido nas Bases, as clases, distribuídas en sesións de mañá e tarde, discorrerían exclusiva ou basicamente en galego. “Estudiábase aritmética, ortografía, historia de Galicia, literatura, cantábanse cancións populares galegas e tamén, en moitas ocasións, o Himno Galego. Non se rezaba nin estudiaba relixión: era unha escola laica.” A escola era visitada por ilustres galeguistas, como Otero Pedrayo, que cando ollaba correr os seus alumnos pola rúa Real o que realmente vían correr os seus ollos era “unha esperanza”.¹⁸

Unha esperanza que se fixo realidade nalgúns dos discípulos de Casal, como Pedro Galván Calvete, dirixente da Mocidade Galeguista da Coruña, cuxa vida foi truncada polo fascismo, que o asasinou en setembro de 1936. Como asasinado foi, aproximadamente un mes antes, Ánxel Casal, o seu mestre, fundador das editoriais Lar —en compañía de Leandro Carré Alvarellos— e Nós, editor d’*A Nosa Terra* e de *Nós* e alcalde de Santiago de Compostela durante a República.¹⁹ Ambos os dous forman parte da *Galicia Mártir* debuxada maxistralmente por Castelao, segundo o cal “Casal, por Galiza, fixo máis que todos nós.”

Referencias bibliográficas

- Beramendi, Justo. “As Irmandades da Fala e o nacemento do nacionalismo galego”. En *As Irmandades da Fala (1916-1931). Reivindicación identitaria e activismo socio-político-cultural no primeiro terzo do século XX*, coord. Uxío Breogán Diéguez Cequiel, 61-81. Santiago de Compostela: Laivento, 2016.
- . *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais, 2007.
- Costa Rico, Antón. “O ensino no tempo das Irmandades e a ‘escola galega’ como proxecto”. En *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*, coord. Luís Cochón, 131-143. Vigo: Xerais, 2016.
- . *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da Psicopedagogía en Galicia*. Sada: Edicións do Castro, 1996.

¹⁸ Rivas Barrós, *A derradeira lección dos mestres*, 207.

¹⁹ Francisco Fernández del Riego, *Anxel Casal e o libro galego* (Sada: Edicións do Castro, 1983); Ernesto Vázquez Souza, *A Fouce, o Hórreo e o Prelo: Anxel Casal ou o libro galego moderno* (Sada: Edicións do Castro, 2003).

- Dávila, Paulí. “Nacionalismos y políticas educativas durante el siglo XX: de la centralización a la descentralización”. En *Las políticas educativas en el País Vasco durante el siglo XX*, coord. Paulí Dávila, 19-87. Madrid: Biblioteca Nueva, 2004.
- Dobarro Paz, Xosé M^a e Ernesto Vázquez Souza. *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*. Sada: Edicións do Castro, 2003.
- Fernández del Riego, Francisco. *Ánxel Casal e o libro galego*. Sada: Edicións do Castro, 1983.
- Fernández Fernández, Xosé. “Planos e informe de Vicente Risco para a galeguización e renovación da escola”. *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* 13 (2009): 167-199.
- . *Vicente Risco. Mestre de mestres*. Ourense: Deputación provincial de Ourense e Fundación Vicente Risco, 2014.
- Ínsua, Emilio Xosé. *A Nosa Terra é Nosa! A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*. A Coruña: Baía Edicións, 2016.
- Porto Ucha, Ángel S. *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada: Edicións do Castro, 2005.
- Rivas Barrós, Sabela. *A derradeira lección dos mestres*. Vigo: Xerais, 2001.
- . *O ideario pedagóxico do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*. Sada: Edicións do Castro, 2002.
- Vázquez Souza, Ernesto. *A Fouce, o Hórreo e o Prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*. Sada: Edicións do Castro, 2003.
- . “Uma velha galescola: «As escolas do Ensinho Galego»”. En *A escola das Irmandades da Fala e outras experiéncias pioneiras e inspiradora*. Narom: Semente Trasancos, 2016, 7-58.
- Viqueira, Xoán Vicente. *Ensaio sobre Galicia*. Vigo: Galaxia, 2021.

ESCOLMA DE TEXTOS

A BANDEIRA ERGUEITA

(Doc. 1)

Fundar e soste escolas en Galicia é obra santa, patriótica. Mais axudar á vida d'este boletín é corolario obrigado d'aquelas iniciativas loudabres. As escolas son pr'os nenos; o boletín, tral-a xuntanza dos enxebres, espertará o sentimento y-o pensamento da mocidade que comenza a xurdir na loita. A nosa terra percisa un boletín, xa que hastra o de agora hai xornales e revistas *de gallegos*, mais nin un soyo *de Galicia*, esquirto en gallego y-en Galicia, *pra Galicia*. Oxe bule polos nosos eidos e po-las nosas vilas un sospeitoso *andacio* rexionalista. Hai que peneirar as intencións, pra separar a palla do grao. Chegou a hora de definirmos. Nós, expoñemos cartos e traballo. Damol-o exempro. Quen non faga o pequeno sacrificio económico de axudarnos a erguer esta folla enxebre, que de chegar a ser diaria resolvería moitas cousas de fondo interés patriótico, non terá dereito a chamarse bo gallego.

Os rexionalistas d'ocasión, rexionalistas de "feira dos discretos", renegan da fala galega, rinse d'ela. Queren un rexionalismo en castelao; queren un rexionalismo fillo do castelao, ¡do castelao que ten o orgulo de habere enxendrado, cal primoxénito, o centralismo! Esto é pedire peras ó olmo. Esto é facere un corpo sen alma, que é o mesmo que unha cousa sin vida.

Todal-a nosa persoalidade está na nosa lingua. Por eso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora providencial da nosa concencia co leitiva, veña a inxertarse na voz da xuventude vilega, pra restaurar así antre todos un sentimento, un pensamento y-unha aición que dean mañán o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que fará progresar a Galicia esnaquizando os logreiros y-os laberos.

¿Cómo habemos de darlles fe ós que se amosan rexionalistas, namentres teñen postol-os ollos na escada do centralismo pra rubir? ¿Como habemos de seguir aos rexionalistas que lle deben a súa persoalidade ao Poder Central? Estes non son dos nosos porque nunca serán Amigos da Fala. Os que se chaman gallegos, renegando da lingua, non teñen máis dereito á chamarse así que os animais y-as plantas que nacen nos nosos eidos. Eiquí doi, hirmáns.

Sere Amigos da Fala, supón espírito de sacrificio, e todo apostolado é sacrificio. O que se diga ou esquirba en gallego, non dará fama na Meseta. Por eso renegan do gallego moitos rexionalistas de pan levar. Por eso o rexionalismo gallego, *en gallego*, é a nosa bandeira de redención; fronteira posta antre o mundo da farsa y-o mundo da verdade. Os Amigos da Fala constituímos, pois, unha relixión d'homes honrados, d'homes enxebres, que quer decir, puros; d'homes que comulgan a cotío c'o rexionalismo integral, ollando á Galicia redenta nos seus corazóns a total-as horas.

Os amigos da Fala seremos, pois, sempre, os gardadores do lume sagrado da patria gallega. Oíde ben: non hai outro rexionalismo que o que se faga en gallego, e si este non xurde, non xurdirá Galicia. Nós somos a pedra de toque onde se probará se as monedas da terra son falsas ou boas. Somos o formento d'un porvir glorioso de dinidá e libertá: como a rexa d'o confesionario no que hai que facer sempre examen de concencia rexional.

Galicia é unha patria natural con lingua de seu. As dúas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os subrimos Precursores, seguíndose d'eiquí o seu fracaso. Temos unha lingua propia, feitura de Dios e da Natureza, que emprega aínda a maoría do pobo, non habendo gramáticas ni dizonarios que axudaran a fixala y-a pesare de cinco sigros de centralismo: lingua armoñosa que naceu do latín, desgaxada do albre da soberanía de Roma pra parir o castelao y-o portugués, pra vivire en trunfo con xeito internacional nas Cortes dos reises e nas xustas d'amore; lingua viva que entenden moitos millós d'homos máis alá das fronteiras; que fixo dos gallegos, lonxe da terra, lazarillos espirituales dos castelaos. Y-unha lingua así –máis extensa, máis práctica que a catalana–¿non é a nosa millor arma? ¿Poderemos esquecela? Si a lingua é o escudo da persoalidade dos pobos, máis forte que as armas, ¿que loítas ganaremos sin ela? Si a lingua, soyamente, dá a autonomía espiritual, as outras autonomías separadas ¿valerán algo?

Hai, pois, unha política pra nos: a gran política da lingua. Si conseguimos interesar n'esta política ós novos inteleituais y-as xeneraciós que veñen, voltaremos a ser fortes. Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo; pénsase como se fala, e fálase como se pensa. Cando morre un idioma, morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home –dixo Emerson– é a metade de si mesmo; a outra metade é a súa expresión. E nós non temos máis expresión que a que nos impuxo Castela, facendo posibre que Galicia poidérase chamar, xenéricamente, Caciquia.

¿Non vos decatades xa do que queremos? A redención de Galicia está n'estas dúas cousas: no fomento agarimoso da lingua e no estudio dos nosos problemas económicos que non terán nunca, porque non poden tela, solución no actual réximen político hespañol. Porque Galicia é *librecambista* pol-a súa natureza, y-o arancel proteitor do feudalismo de Castela será sempre o ostáculo que nos impida poñernos nas condiciós de riqueza que teñen os outros pobos de Europa semellantes ó noso.

Falade y-esquirbide e pensade sempre en gallego, hirmáns. Por esto fixéronse fortes os cataláns, por esto se lles calunia e combate no Centro, *principalmente*. C'o demais transixiríase.

“A Nosa Terra” quere que s'intrese a mocidade que ven n'estas cousas. Quere que surxan ó mesmo tempo que poetas e músicos gallegos, prosistas na nosa lingua. Creemos a forza rexionalista inicial, preparando o advenimento do *Héroe gallego, todo gallego*, y-o noso traballo concruirá por cinguirse c'o loureiro

do trunfo! Porque, como dixo Carlyle, non abonda con que apareza o héroe; precisase, ademáis, un mundo disposto a recibilo como cumpre; un mundo que non estea afeito de serviles e domésticos. E cando apareza ese héroe, dimpois que nós lle fagamos o ambiente, a literatura gallega, a socioloxía gallega, a ciencia gallega, como as hoxe groriosísimas de Portugal, feitas n`unha lingua irmá da nosa, adquirirán un valimento universal que abonde para redimirnos. O valor universal d`un idioma faino o Xenio. Si traballamos con fe virá o Xenio, o escultor de pobos que precisamos. Non como pólipos, sinón como homes de razón crara, axudemos a facer o novo continente espiritual da nosa aterra. Estrenemos unha voluntá cada día.

Fixádevos en que soyo hai un rexionalismo que nos poida servire d`exemplo: o catalán. Predicar ideas boas non é nada: hai que predicar e dar froito. Cataluña predica e praitica. Cataluña encarnou na realidade do pobo a doutrina rexionalista. Cataluña é quen trouxo as galiñas. Por Cataluña hoxe se chaman todos rexionalistas. Cataluña alumea a nosa Iberia do porvir.

A traballar con fe. Este boletín é de todol-os gallegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo meso, as súas follas serán dinas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento d`unha época.

Antón Villar Ponte, *A Nosa Terra*, 1, 14-XI-1916, pp. 1-2

POL-AS ESCOLAS GALEGAS

(Doc. 2)

Teño estado moitas veces nun souto, deitado á soma dos castiñeiros ou d'algunha vella cañota, contemprando os brinquedos d'un fato de nenños e escoitando as súas conversas, ledas como gorxeios de paxariños, que en verdade son dinas de seren escoitadas.

Os nenos das nosas aldeas e vilas falan galego; fálanlo enxebremente, e nos seus beizos de paxariños é unha música a dozura d'ista nosa fala melosiña. Pro cando chegan a teren seis ou sete anos, a estes nosos nenños ridentes e falangueiros mándanos á escola pra que adeprendan a ler. E tanto traballa o mestre ensinándolles o ja, jo, ju, ge, gi, co son castelán, que xa, no adiante, non hai pra os probes nenños nin *regatos*, nin *fragas* e demais verbas que teñen algún g, inda que este sino endexamais tuvo na nosa fala a pronuncia aspre que se lle dá ao j no idioma de Castela.

Os mestres, que xeneralmente non son da terra, desconocen a nosa fala, dispéciana, aborrécena, e fan que os nenos, que por eles se guían, vayan pouco a pouco esquecéndoa, mirándoa coma un linguaxe dispreciabile.

Nista máis que en cousa ningunha poñen tino os escolantes; e cóidanse moito de que os malpocadiños nenos non falen nin tan sequera antre eles na lingua que as súas nais lles ensinaron, na bendita lingua da nosa terra.

E os nosos bós nenños de hoxe serán mañán homes que, afeitos a ouil' o mestre primeiro, despois escoitando o que din da nosa fala xentes que soilo coñecen o galego adulteirado po-la mistura da pronuncia castelá, coidarán que en verdade a fala da terra gallega é pouco grata, é burda e dispreciabile.

Isto hai que evitalo. Hai que facer porque os nenos que falen galego ao chegaren á escola, sigan nela, inda que estudien e adeprendan o castelán coma útil a todo español e moi necesario a quenes cecais emprenderán viaxe emigratorio a terras americanas, adeprendo e perfeicioando a fala propia, lendo os esquireiros e poetas galegos, espertando, en fin, na súa yalma a redentora idea da personalidade da raza.

Os mestres nados nesta terra aldraxada e escarnecida de cotío poden e deben pór ao servizo da Pátrea o seu corazón de homes e a súa intelixencia d'encamiñadores da xuventude. E se por encuancto non podemos facer que en total-as escolas públicas sexan galegos os mestres, entendo que os bós fillos de Galicia que loitando pol-a vida en terras de alenmar teñen a saudosa lembranza da Pátria befada pol-os que se chaman seus hirmáns, e nelas sosteñen escolas, poden facer moito no senso do rexurdimento galego.

O ben de Galicia recrámao. Que os pobos que non teñen un alma desperta, viva, latexante, desaparecerán decontado da terra. E a yalma dos pobos é a súa fala.

L. de Sergude [Leandro Carré Alvarellos], *A Nosa Terra*, 5, 25-XII-1916, p. 6

A NOSA ESCOLA

(Doc. 3)

Que mágoa para un galego, enxebre, europeo, moderno, cando considera o estado do seu povo! O mundo enteiro parece dicirle: «non, vós non sodes, pouco a pouco ides morrendo», il sabe que isto non é certo, que aínda latexan as vellas virtudes n'os espíritos galaicos que farán unha grande Galicia; quixera espertalas, busca a palabra meiga, e n'atopa! —É que precísase máis qu'un verbe para espertar tanta y-alma asoballada, para juntar n'un apretado feixe as vontades de tanta y-alma espallada; espallada por terras e mares! O día que aquelas esperten e estos se junten comenará a nosa renascenza económica e cultural. Pois: ¿que admirable organización para o noso comercio non ofrece a inmensidade de compatriotas repartidos en todos os países? Que importancia cultural non pode ter a través d'iles, Galicia, *semilleiro d' homes*.

Non esquezamos que un meio poderosísimo para o espertar da raza é a escola. Aínda debemos pór os nosos esforzos na creazón dunha *escola galega*. Como esta escola ha de corresponder á súa outísima misión non ten de limitarse á actual de *escreber, ler e contar*. —Seus fins son máis elevados! — Súa aspiración diríxese a facer *germolar* todo canto hay de bo na nosa raza. Surgirá d'ela novamente o vello carácter celta, audaz, forte, sen quixotismos nen baixezas, equilibrado. Á escola pedímoslle a raza en toda a súa integridade: mulleres, homes da nosa raza para loitar, para vencer n'a inmensa loita da vida. Seja logo a escola o lar da Galicia. E que todo, desde o ler até o insino máis alto fágase pensando que o saber soio val cando é saber para a vida, e lembrándonos da nosa raza e dos seus fins n'a humanidade.

Falei de loita. Mais o home non loita con vaguedades. Precisa d'unha *profesión*, que é o instrumento de loita da vida. Entón, o problema que temos de estudar é o da formazón profesional en relación c'a escola. Naturalmente que as profesións que agora interésannos son as dos chamados artesáns e a de comerciante (as outras son cousa d'os institutos superiores d'educazón). Temos de intentar pois, facer na escola canto se poida, seguindo n'isto ós países estrangeiros máis adiantados, pol-a formazón d'as costureiras, das cocíneiras, d'os canteiros, ferreiros, labregos (sempre falo d' homes e mulleres!) e oficios somellantes. Cando isto se realice non irán nosos probes emigrantes en notoria inferioridade, sen agarimo, a terras descoñecidas a sufrir males e d'ores pola incuria dos *nosos desleigados* gobernantes! — Mais, para conseguir o que propomos teremos que ampliar as escolas primarias e ter clases profesionais.

A lingua galega, c'o espírito galego, debe penetrar n'a escola e levalo aló envolvemento n'o seu seio. Non queremos somente que se insine n'o noso language por ser o noso. Hay para ilo tamén outros motivos. Non é absurdo que hoje n'as escolas ruraes e n'as máis das vilas falen os mestres ós discípulos en Castela, onde as rapaciñas e os rapaciños coñéceno, si o coñecen, como unha lingua

extrangeira? Isto é o mesmo que ensinar na Castela en portugués ou catalao. A máis singela pedagogía dínos que o mestre ha de chegar c'as súas palabras ó fondo d'a y-alma d'o neno. E como poderán chegar con verbos estrangeiros e incomprendidos? Aínda existe outra razón para levar o galego á escola. O porvir económico de Galicia (ó que me refiro debe ja parte do seu benestar) e o porvir cultural depende da súa estrutura bilingüe. O galego ábrelle o mundo portugués, o castelán o mundo español. Volver pol-o galego é aumentar o horizonte da nosa actividade universal! O galego ten de traer consigo á escola os nosos poetas vellos e novos; entre os derradeiros á profetiza da nosa raza Rosalía [de] Castro. Veñan eles quentar con sagro amore da terra os corazóns dos nosos poetas!

Quixera eu aínda que a escola fixese máis. Quixera ver n'ela o *centro cultural* dos campos e d'as pequenas vilas. N'ela deben fundarse bibliotecas, n'o posible circulantes; n'ela deben organizarse conferencias sobr'os problemas do momento, agrícolas e económicos. O mestre debe ser o conselleiro en todas aquelas cuestións d'os galegos como cidadáns, como agricultores e como comerciantes, sen ter agora conta da influencia que ten de exercer no sentido do refinamento humán

Os que isto cobizamos temos de facer d'os mestres unha aristocracia do país. Temos de erguer a súa situación económica aumantándolles os noxentos haberes que hojenlles dan como unha esmola. Que o Mestre teña cantos meios económicos precise para levar unha vida *ideal*, para elixir a súa carreira por amor. Mais si erguemos a súa posición económica temos de erguer tamén a súa formazón pedagóxica e cultural. Deben formarse para isto os Mestres na facultade (a crear!) de Filosofía da Universidade, organizando n'ela estudos pedagóxicos, en substitución d'as *Normaes* d'as que ja até os políticos da instrución (?) pública declaran a inutilidade relativa. Ao ir os mestres á facultade de Filosofía hacharían n'ela un traballo sólido, un horizonte amplo, e se faría a obra de justiza de igualalos c'os mestres secundarios e universitarios.

Dúas parolas para rematar, sobr'os edificios escolares. A nosa arquitectura galega vaise perdendo rápidamente. No seu canto énchese o país d'edificios feios sen carácter. Unha maneira de conserva-la e desenvolve-la sería declara-la obrigatoria para os edificios escolares, que chegarían a ser modelos arquitectónicos.²⁰

Johán Vicente Viqueira, *A Nosa Terra*, 28-29, 30-VIII-1917, p. 2

²⁰ A ortografía que emprego n'os meus traballos admitina —respetando *inmensamente* ós que non a usan— pol-os seguintes motivos: a) é a antiga ortografía galega, b) somella moitísimo a portuguesa e facilita pois o aumento de lectores, c) coincide co'as das outras linguas latinas, d) é etimolóxica, e) foi defendida e empregada n'as súas publicazóns por Antonio de la Iglesia no século XIX, f) pode ser base para a reforma da fonética galega hojo tan castelanizada.

BASES DAS ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

ANEXAS Á “IRMANDADE DA FALA” NA CRUÑA

(Doc. 4)

Base 1.^a O insiño n’estas Escolas farase no idioma hespañol, si ben utilizando tamén o galego na lectura da nosa literatura peculiar e demais libros didáticos que se poidan outer, e para algunhas espicacións de leccións prácticas, a fin de qu’os nenos poidan comprender mellor as ensinanzas d-os mestres.

Base 2.^a As “Escolas do Insiño Galego” gobernaranse autonomamente por un Consello administrativo formado pol-o Conselleiro 1º da Irmandade da Fala, que será o presidente nado; o Presidente da Sección de Cultura e Fala, tamén da Irmandade, que desempeñará o cárrago de Segretario; o Tesoureiro da mesma entidade que n-iste Consello será Tesoureiro-Contador, e dous escolantes d-ambos sexos e reconocido galeguismo, que serán os asesores técnicos. Todol-os membros d-este Consello terán voz e voto.

Base 3.^a Este Consello percurará conquistar o maior número de “Socios Protectores das Escolas do Insiño Galego”, os que satisfarán unha cuota mínima de dúas pesetas mensuales; solicitará subvención de total-as entidades galegas da Terra e do estranxeiro e fomentará, en fin, o maior número d’ingresos para esta patriótica labor.

Base 4.^a A “Irmandade da Fala” na Cruña comprométese a ceder gratuitamente un espacioso local para o funcionamento das primeiras Escolas.

Base 5.^a O boletín A NOSA TERRA publicará mensualmente o estado de contas das Escolas, para satisfacción e conocimento dos contribuentes.

Base 6.^a Por entender qu-o maior rendimento no ensino é o da escola graduada, a primeira escola ten de ser para Párvulos (4 a 7 anos) pois d-iste xeito e, si como agardamos, o éisito nos acompaña, ao cumprir a idade máisima os nenos d’este grado constituirase a escola elemental.

Base 7.^a Ningún escolante terá ao seu cárrago máis de 50 alumnos.

Base 8.^a O insiño nestas Escolas será gratuíto, así como os libros e demais material perciso.

Base 9.^a Non serán admitidos nestas Escolas senón os nenos galegos e fillos de galegos, tendo dereito de prelación os fillos dos Socios Protectores das Escolas ou os dos Irmáns da Fala.

Base 10.^a Os libros de texto nas Escolas desinaraios o Consello administrativo das mesmas.

Base 11.^a Iestas Bases poderanse reformar cando o Consello así o considere comente.

A Coruña, 8 de xulio de 1923

A Nosa Terra, 190, 15-VIII-1923, p. 1



ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

POL-O BEN DE GALICIA

(Doc. 5)

Despois de lidas as Bases d'as "Escolas do Insino Galego", que se publicaron no derradeiro número de A NOSA TERRA, temol-a seguranza de que non haberá ningún galego que non se teña decatado d'a enorme importancia que ten ista nova labor que se impuxo a Irmandade da Fala na Cruña.

Pero nós, que arelamos fondamente o que iste proieito sexa levado á práctica, queremos facer resaltar unha das moitas ventaxas que lle reportará ao galeguismo, despois do de instruír os nosos rapaciños.

As listas dos socios proteitores d'istas "Escolas" serán o vértice onde converxan todol-os galegos que desexan sinceramente o benestar da Patria. O mesmo os que loitan a peito descuberto nas diferentes institucións que representan á nova Galicia, que aqueloutros que, a pesar de sentir o fogo sagrado do amor á Terra, inda veña[n] actuando dentro dos antigos moldes atados a eles pol-a forza d'os *intereses creados* e pol-a falla de decisión.

D'ista coincidencia n'unha mesma asociación xurdirán o respecto e a compenetración necesarias entre todol-os amantes da Terra, acabando d'unha vez para sempre con todol-os receios e con total-as intransixencias de que moitos veñen facendo alarde en xustificazón da súa inactividade ou da postura que contra o seu pensar adoutaron.

Ao desaparecer istas divisións fortificaranse as filas galeguistas, matando así o virus do *divide e vencerás*, que parece haber sido inoculado no noso movemento pol-os enemigos da redenzón de Galicia, que son os únicos que se beneficiaron e se beneficiarán si seguimos por tan trabucado camiño, namentras perxudicamos o Sagro Ideal que n-un comenzo axuntounos.

Porque temos en conta o ben que se lle fai a Galicia con ista Grande Obra, cuíos cimentos xa están postos, non dubidamos que o que deixamos apuntado máis arriba será axiña unha leda realidade; pois non queremos creer que haxa ningún galego que se expoña, cando vexa un nenño nado en Galicia que non seipa ler, a ter que acusarse ante a súa conciencia de telo condenado á morte espiritual, por non imporse o sacrificio de contribuir ao sostenimento das "Escolas do Insino Galego". Nin ningún loitador que por un mal entendido amor propio siga retrasando o día da liberación de Galicia."

Ánxel Casal, *A Nosa Terra*, 191, 1-IX- 1923, p. 3

CONFERENCIAS AS ESCOLAS DO INSIÑO GALEGO

(Doc. 6)

Atentos sempre a lle dar o máximo grado d-elevación cultural ás xentes da nosa terra —que tan fallas d-instrución s’atopan por mor dos *nosos gobernións*— temos mentes de deixar en boa marcha as Primeiras Escolas do Insiño Galego.

Coido que vos decataredes do que siñifica ista nova xenial idea da Irmandade, a creación d-istas escolas trai aparellado consigo mesmo a formación d-unha lexítima mocidade de concencia en todos aqueles nenños que teñan a fortuna de ter cabida nas devanditas escolas.

As Escolas do Insiño Galego serán a pedra angular na que descansará no futuro o movemento galego, serán os cimentos do pleno rexurdimento d’aqueles valores que temos, e que fican descoñecidos para moita xente, e que por non ter cecais vagar para elo, ou non preocuparse endexamais d-estudal-os, e que os nosos inteleituales de todos tempos no-nol-os deran a coñecer en forma axeitada e aos alcances de total-as fertunas, para que co-ilo chegaran ás mans do pobo, serán o medio máis doado para dar a coñecer ás novas xeneracións todo aquilo que como Galegos que son lles interesa o coñecer a fondo para se decatar en todo momento das nosas gloriosas tradicións, para que poidan ter unha orientación exacta sobor da nosa Historia, da nosa Xeografía, das nosas costumes, do noso Arte en xeneral que é por poucos coñecido e por todos esquecido.

O sostenimento d-istas escolas terá que ser por suscripcións mensuaes entre todol-os galegos —sin distinción de matices— co-a cuota que vountariamente queiran suscribirse cada mes, pol-a miña parte, e dende eiqui fago un novo chamamento aos corazóns de todol-os galegos para que contribúan có seu grao d-area ao sostenimento d-istas escolas.

Dándonos perfecta conta do que deben ser istas Escolas, a insiñanza nas mesmas será no idioma Hespagnol, botando man da nosa lingoa para o mellor enserguemento dos nenños en todos aqueles casos que o escolante o coide necesario.

Ben sabemol-os escollos que teremos de vencer para levar a cabo ista grande idea —pero si todos nos axudamos nada hai difícil—; unha das cousas [un dos problemas] máis difíciles d-atopar [resolver] nos primeiros momentos, sería a falla de mestres ou Escolantes, e a propósito d-isto vou deciros algo sobre o comezo de L’Associació Protectora de L’Ensenyança Catalana, que na actualidade conta con 25.000 Protectores.

Ista asociación nos seus comenzos tivo os mesmos tropezos que nós temos, e foron os seus apuros somellantes aos nosos.

Para chegar a cubrir os seus cativos presupostos tiñan necesidade de saír ás ruas os mesmos dirixentes, e a vender publicamente postales, folletos, insinias, bandeiriñas e moitas máis cousas de propaganda.

Tiveron a sorte d-atopar un mestre que inda hoxe o pobo catalán lle non rindiú o homenaxe de que foi merecente. Iste mestre chamado Xaime Arqué Clapés tiña unha fé tan grande n-aquela primeria Escola Nacional Catalana, que despois de rematar as horas que adicaba ao insiño, enchía os petos de exemprares de Xeografía de Cataluña e comenzaba a facer unha verdadeira pelegrinación, pol-as Sociedás, Cafés, Comercios, e todos aqueles sitios nos que a xente adoitaba a se reunir a cotío para ofrecerlle os ditos exemprares, e agora dous, máis adiante catro, alí un, máis aló seis, eiquí unha bulrra —que de todo hai n-iste mundo—, alí unha surrisa, máis adiante unhas verbas de estímulo, chegaba á súa casa satisfeito do deber cumprido e disposto para o seguinte día reanudar a súa labor patriótica. ¿Sabedes canto ganaba en cada Xeografía?... ¡un patacón!

¿Qué? ¿non sería posibre que nós tamén topamos un novo Xaime Arqué, un novo patricio galego que se sintira con folgos d-abondo para facer unha labor semellante á d-iste devandito patriota Catalán?

Meus irmáns: queira Deus que en total-as vilas e cidades nas que eistan ou poidan eistir Irmandades da Fala, teñan no seu local unha escola semellante ás nosas, e tende en conta que o axudar ás Escolas do Insiño Galego é obra santa e patriótica.

Federico Zamora, *A Nosa Terra*, 197, 1-II-1924, pp. 7-8

CASAL PEDAGOGO

(Doc.7)

A diferença das cidades interiores, nas que o campo, o ambiente rural, entralhes polos quatro pontos cardinais, o tómbolo corunhes, rodeado de mar por tres quartas partes do seu perímetro, só mantém comunicación con esse ambiente que constitue a grande reserva de galeguidade (que ralea em quanto que toma contacto com asfaltos e cimentos urbáns) por um estreito istmo e ista circunstância geográfica dá á cidade, para quem a visita com superficial mirada turística, um certo carácter de alheamento do autóctono ser galego, alheamento que é mais aparente que real e que em mais de umha ocasom se tem salientado com pouco amistosas intençons por gentes de escasas e ainda nulas simpatias para com o ideario nacionalista.

O apoio popular que em todo tempo recibírom persoas, institucións e proxectos de inspiraçon galeguista desminte tal alheamento. Ángel Casal é um exemplo destacado, entre outros muitos cujos nomes pouco o nada diram ao leitor (Bernardino Varela, Fernando Blanco, Manuel Lemos, Benito Ferreiro...) do galeguismo que latita no comum da cidadania local a miudo ensombrecido e silenciado pola balbúrdia de umha elite social empoleirada nos ramos privilegiados do Poder, a Economia e a Burocracia estatal, muito numerosa na Cidade. Na Irmandade da Fala inícia Ángel Casal a sua formatura e actividade nacionalista em estreita colaboraçom e camaradagem com os antes citados mais outros que por haver usado da escrita no boletim social alcançaron algumha maior notoriedade como Federico Zamora, Xavier Pardo, Víctor Casas, Francisco Abelaira, Jacobe Casal... Numerosa família que arroupa Ángel, que nela se sinte cordialmente integrado. Dificil aceitar que num ermo estéril (hostil) prolifere tanto mato verdegal de galeguismo.

Calculo que a profissom editorial que Casal inícia em sociedade com Leandro Carré em *Lar* e continuada despois do rompimento social, por motivos puramente económicos, com *Nós*, onde chegaria ao audacioso intento de fundar um diário vespertino, *El Momento*, que havia de ser dirigido por Antonio Villar Ponte, do que houve de desistir-se aos poucos números também agora por penúria económica, ha de ser a mais socorrida por quantos agora lhe rendam homenagem de lembrança, especialmente durante a sua actividade em Compostela. É por isso que eu trato de focar a minha mirada em outro Casal menos conhecido: o Casal pedagogo.

A semente deitada por Joham Vicente Viqueira no fecundo terreo irmandinho prendeu com inusitado vizo e marcadamente nos mais jovens. Na mente de Ángel Casal rebuliam sobranceiras as ideias do ilustre pensador referidas à Escola Galega, assim concebiu o audaz intento de criaçon das Escolas do Ensino Galego que se foi secundado por todos os camaradas com adesom calorosa nom ha dúvida algumha que dele partiu o impulso inicial e ele foi o principal promotor e organizador. Um mes antes da instauraçon em Espanha da ditadura de dom Miguel

Primo de Rivera, —que nom se mostrou tam agresivo para com as culturas nom castelhanas como anos depois o General Franco e os secuaces servidores de un nazismo espanhol que nom necessitou esperar polo exemplo hitleriano por contar com próprio avoengo e que ainda hoje pula por reagir baixo transparente disfarce democrático—, forom redigidas e publicadas umhas “Bases das Escolas do Insino Galego” de autoria quase esclusiva de Ángel Casal. Segundo a Base 4ª: “A Irmandade da Fala da Cruña comprométese a ceder gratuitamente un espacioso local para o funcionamento da primeira Escola”, e a Base 8ª estipula que o ensino será gratuito assim como os livros e demais material preciso. Logrado o número suficiente de sócios protectores, reclamados pola Base 3ª para sufragar os gastos, começa a actuar a primeira Escola em Abril do ano seguinte tras oito meses de gestação. Ángel Casal é nomeado Director e os alunos ocupam uns “pupitres” que nom custarom mais do que o valor da madeira, que os carpinteiros nada quizeram cobrar por um trabalho que beneficiava á comunidade em que eles próprios estavam interessados. Sem apoio de Poderes públicos, intelectuais, nem políticos em breve tempo se vé realizado um proxecto mercede ao esforço e colaboración do povo ilustrado e artesanal. Salutar exemplo a ter presente nos dias de hoje.

Foi em aquela Escola e as horas em que as liçons davam fim onde eu tive asiduo trato com Ángel Casal, que sempre optimista conseguia leadar qualquer obstáculo que lhe entorpecesse um labor que estava seguro renderia frutos compensadores de todo sacrificio. Darei-lhe a palabra: “Istes tempos non son tempos de trunfo, son tempos de loita; de loita individual e en todol-os terreos: no trabalho, no café, na rúa... contra un e contra todos (...) E como a nosa xeración non será a que vexa brilar con todo o esplendore a estrela que nos guia, é indispensable, para que o noso traballo non sexa interrompido, cuidal-a educación dos que veñan”.

Depois, durante a sua vecinhança em Compostela, a nosa relación persoal foi mais esparcejada reducindo-se a epistolar. Como continuava recibindo-se na Corunha correspondência e peticións de libros á Editorial, eu fiquei ao cuidado de trasladar-lhe o correo ao novo endereço sem que apenas outro tema apareça nos cartóns postais que intercambiavamos.

Se todo artista se valora pola sua obra tambien todo educador ha de valorar-se polos seus discípulos. De Casal conhecim vários que dam fé das excelentes dotes educativas do seu mestre; mas entre todos merece-me especial mençom Pedro Galán Calvete. Nom teria mais de dez ou once anos quando o professor dou-mo a conhecer como o rapaz mais inteligente de quantos passaram polas suas aulas. Éra-o certamente, como podem comprobar no tempo em que as nossas vidas correrom unidas polo afecto e a comunhom de ideais. Oito anos mais velho sentim por ele esse amor do irmao mais velho para o mais pequeno. Foi o discípulo mais adicto e fiel seguidor do exemplo e liçons do Mestre que um educador pode apetercer. Na flor da adolescência foi a primeira vítima sofrida pola Mocidade Nacionalista da Corunha (depois seguiriam-lhe Jenaro Ruano, Leandrinho Carré (Fausto Brand),

Joan Ant3nio Su3rez, Carlos Fontela...) abatido pola mesma sanha nazista que pouco despois segaría a vida do Mestre.

Ja nom haberá mestres de galeguismo tam adicados como 3ngel Casal; mas h3 por ventura disc3pulos: futuro esperanzador que faz que no triste ocaso da minha ja in3til exist3ncia ainda sinta alegria de viver.

Jenaro Marinho del Valle, *A Nosa Terra*, 700, 16-XI-1995, Suplemento dedicado a 3nxel Casal, p. 4.

